




CIRCULAR INFORMATIVA 17-03-2022

Estimadas familias, informamos sobre varios temas:



- Plan Director

Dada a importancia do uso responsable das redes sociais, a garda civil realizará charlas informativas para alumnado de 5º e 6º de EP e para as familias.

- o O mércores, 23-03-22, ás 17:00 h, no salón de actos do colexio, haberá unha charla informativa dirixida a nais/pais/titoras/es do alumnado sobre as redes sociais e o uso de internet que realizan os nosos fillos/as. Todos e todas están convidados a asistir.
- o O venres, 25-03-22, a charla será para o alumnado de 5º e 6º de EP durante o horario escolar matinal.



- **Uso de máscaras:** a diminución na transmisión do virus, previsiblemente permitirá relaxar as medidas, pregamos estén pendentes sobre as decisións adoptadas polas autoridades sanitarias neste tema.

- Admisión para o curso 22-23

O alumnado que segue escolarizado no colexio para o próximo curso non ten que facer nada, a continuidade é automática. Para novas incorporacións, lembramos que o prazo remata o próximo luns, 21-03-22.

- 3º Trimestre

- o O alumnado recibirá as cualificacións da 2ª Avaliación mañá, 18-03-22. Coma sempre, tamén serán publicadas as notas en ABALAR.
- o Comezamos a semana próxima o 3º trimestre escolar. Lembramos que as vacacións de Semana Santa serán, como no resto de Galicia, do 11 ao 18 de abril. Asemade temos como días non lectivos o 25-04-22 e o 16-05-22.
- o Trala remodelación da Biblioteca, procederemos á inauguración co alumnado durante a "Semana do Libro" (19 ao 22 de abril).
- o Neste final de curso, varios grupos de alumnos/as realizarán saídas e excursións. A ANPA "As Olivas" subvencionará unha parte do custo aos socios.

Un saúdo.

A DIRECCIÓN